



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO ORDE POLA QUE SE ESTABECE O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO DO CORPO DE MÉDICOS FORENSES E SE CONVOCA A CORRESPONDENTE BOLSA

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, logo de examinar o <Proxecto de Orde pola que se establece o procedemento de selección e nomeamento de persoal interino do corpo de médicos forenses e se convoca a correspondente bolsa>, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencia.

En virtude do establecido no artigo 20.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia *exercer todas as facultades que as Leis Orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado*. A Lei orgánica do poder xudicial 6/1985, do 1 de xullo, prevé no seu artigo 472.2 que por razóns de urxencia ou necesidade se poderán nomear funcionarios/as interinos/as que desenvolverán as funcións propias dos corpos de funcionarios/as ao servizo da Administración de xustiza, en tanto non sexa posible o seu desempeño por funcionarios/as de carreira ou permanezan as razóns que motivaron o seu nomeamento.

O artigo 489.1 da dita lei orgánica determina que o Ministerio de Xustiza ou, se for o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas que reciben os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza serán competentes para o nomeamento de persoal funcionario interino, de acordo cos criterios obxectivos que se fixen na orde ministerial ou, se for o caso, na disposición da comunidade autónoma que recibise os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza.

A través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, que son asumidas a través do Decreto 438/1996, de 20 de decembro.

O Decreto 119/2005, do 6 de maio, de creación do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), establece, respecto do corpo de médicos forenses, que as subdireccións territoriais do dito instituto son os centros de traballo e de destino en que o persoal funcionario pertencente ao dito corpo prestarán os seus servizos.

Corresponde, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de conformidade co Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, regular con criterios obxectivos a selección e o nomeamento do persoal funcionario interino médico forense para prestaren os seus servizos no Imelga, así como a súa toma de posesión e o seu cesamento.





2. Necesidade e oportunidade

Na actualidade a Orde do 29 de setembro de 2014 pola que se establece o procedemento de selección e nomeamento de persoal interino do corpo de médicos forenses e se convoca a correspondente bolsa, regula as bolsas do persoal do corpo de médicos forenses.

O transcurso do tempo dende a última convocatoria fai precisa unha actualización da normativa que permita adaptarse as necesidades específicas do corpo de médicos forenses debido a escaseza deste persoal e as dificultades para proceder a cobertura dos postos ofertados (por vacantes, situacións de incapacidade temporal...). Igualmente o transcurso do tempo fai necesario proceder á apertura dunha nova convocatoria co obxecto da incorporación de novas persoas as bolsas do corpo de médicos forenses que se atopan nestes momentos esgotadas.

A disposición flexibiliza os requisitos que deben reunir as persoas aspirantes para poder formar parte das bolsas permitindo, realízanse cambios no relativo ao réxime de exclusións da bolsa, regula as peticións e nomeamento de persoal interino de reforzo e recolle os cambios normativos producidos a través do Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.

3. Estrutura e contido

A disposición contén vinte e tres artigos, que se estruturan en tres capítulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O Capítulo I establece o obxecto e ámbito de aplicación e normas xerais para a selección do persoal funcionario interino do corpo de médicos forenses que prestará servizos no Imelga. O Capítulo II regula o proceso de selección e nomeamento deste persoal. O Capítulo III regula a convocatoria da bolsa.

Mediante disposición adicional se establecen as zonas de preferencia e regúlase a obriga de relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos.

A norma contén a regulación transitoria referida ao nomeamento do persoal funcionario interino mentres non sexa aprobada e publicada a bolsa de selección.

Queda derogado a Orde do 29 de setembro de 2014 pola que se establece o procedemento de selección e nomeamento de persoal interino do corpo de médicos forenses e se convoca a correspondente bolsa. (Diario Oficial de Galicia núm. 193, do 9 de outubro).

As disposicións derradeiras autorizan para o desenvolvemento do decreto á persoa titular da dirección xeral competente en materia de Xustiza, establecen a normativa supletoria e fixan a entrada en vigor.





4. Tramitación

O procedemento de elaboración do presente proxecto axustouse ao disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

1. Acordo de inicio 28.02.2024
2. Memoria tramitación urxencia 28.02.2024
3. Acordo declaración tramitación urxente 04.03.2024
4. Memoria non consulta pública previa 04.03.2024
5. Memoria designación asistencia Asesoría Xurídica 04.03.2024
6. Designación asistencia letrada 18.03.2024
7. Memoria económica 04.04.2024
8. Memoria xustificativa 04.04.2024
9. Táboa de vixencias 04.04.2024
10. Informe artigo 41.3 LOFAXGA 05.04.2024
11. Aprobación inicial proxecto 12.04.2024
12. Informe Consejo General del Poder Judicial 20.06.2024
13. Informe Dirección Xeral Función Pública 24.04.2024
14. Informe Dirección Xeral Planificación e Orzamentos 13.06.2024
15. Informe de impacto de xénero 25.04.2024
16. Publicación Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Certificado 15.05.2024
17. Memoria tratamento dado ás observacións 01.07.2024
18. Informe Asesoría Xurídica 11.07.2024

En virtude do exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de orde de referencia, por considerar que o texto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade, que o seu rango normativo é o axeitado e que se adapta á legalidade vixente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Secretario Xeral Técnico

Francisco Javier Abad Pardo

